

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOTA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO SESELLE
Promotor	GALENERGY, S.L.U
Localización	CONCELLOS DE OZA - CESURAS (A CORUÑA)
Expediente	IN408A 2020/10

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas da xefatura territorial de A Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

- O Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 16/11/2020 e número de rexistro de entrada 2020/1594789, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia. Posteriormente con data 30/09/2021 e número de rexistro de entrada 2021/1814813 recibe unha reiteración da solicitude de informe.
- Con data 07/02/2022 e número de rexistro de entrada 2022/233134 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 29/03/2022 e número de rexistro de entrada 2022/681880, o Servizo de Enerxía e Minas da traslado da resposta do promotor ó informe desta Dirección Xeral de data 07/02/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros

organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos a maioría dos requirimentos feitos no informe previo, non obstante, no referente as consideracións feitas no mesmo sobre o estudo de parpadeo de sombras, considera o limiar de 30 h de sombra ao ano e 30 min de sombra ao día, tanto para o caso peor como para o caso real, sen ter en conta o limiar de 8 h/ano para o caso real, segundo os criterios de avaliación desta Dirección Xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos" (<https://www.sergas.es/Saude-publica/Informes-sanitarios-avaliacion-ambiental>).

Polo anteriormente exposto faise constar o seguinte:

Tendo en conta que no estudio do "caso real" aportado polo promotor, 23 receptores superan máis de 30 h/ano, sinalamos que se deberá considerar o efecto de sombra nas vivendas que superen o limiar de 8 h/ano. Naquelas vivendas que superen este limiar, o proxecto deberá incorporar as correspondentes medidas protectoras, independentemente das medidas de mitigación que puideran ser necesarias na fase de funcionamento.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

